



[www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/grao-intelixencia-artificial](http://www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/grao-intelixencia-artificial)

Grao Verificado

# Grao en Intelixencia Artificial



[www.usc.gal](http://www.usc.gal)



# Intelixencia Artificial

O título de Graduado/a en Intelixencia Artificial proporciona a formación ampla, profunda e multidisciplinar que precisan os e as profesionais deste ámbito e que resulta imprescindible para construír os servizos e aplicacións intelixentes que están a ter un impacto tan importante nas nosas vidas a todos os niveis.

Tipo Presencial

Área Enxeñaría e Arquitectura

Centro Escola Técnica Superior de Enxeñaría  
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n, 15782  
Santiago de Compostela  
etse.secredireccion@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info [www.usc.gal/gl/estudios/graos/enxenaria-arquitectura/grao-intelixencia-artificial](http://www.usc.gal/gl/estudios/graos/enxenaria-arquitectura/grao-intelixencia-artificial)

## Presentación

Interuniversitario: Si

Duración: 4 cursos

Prezo: UE: 900 € aprox. / curso

Non UE: 5.200 € aprox. / 1º curso consultar

Número de prazas: 50

Data de inicio: Setembro

## Plan de estudos

Tratase dunha titulación interuniversitaria de catro cursos (240 ECTS), coordinada pola USC, na que as materias dos dous primeiros cursos son comúns ás tres universidades. En terceiro e cuarto, na USC desenvolvemos a orientación en Tecnoloxías Intelixentes, cunha visión interdisciplinar que permitirá desenvolver aplicacións e servizos de éxito, que integran modelos e tecnoloxías propios da Intelixencia Artificial con outros procedentes das intelixencias e os comportamentos naturais.

## Mobilidade e prácticas

A titulación promove e facilita a mobilidade dos/as estudantes mediante os programas de intercambio nacional (SICUE), europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

O Grao inclúe un módulo profesional que facilita cursar unha parte moi importante da especialización en ambiente empresarial. Por un lado, mediante as prácticas externas obrigatorias (ampliables), a posibilidade de realizar o TFG en empresas, coa participación directa de profesionais na docencia ou na Aula Profesional ETSE. Pero principalmente coa realización de varios proxectos integradores de IA, propostos por entidades externas, a realización de proxectos empresariais, e a metodoloxía docente orientada a proxectos. Trabállanse intensamente habilidades transversais, interpersoais, comunicativas e de traballo en grupo, esenciais para o exercicio profesional, e cunha metodoloxía docente orientada a proxectos.

Todo elo coa necesaria perspectiva da IA responsable e fiable, que vai guiar transversalmente todos a formación dos/as graduados/as, co obxectivo último de formar profesionais dunha intelixencia artificial centrada nas persoas.

